



## **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

### **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 23 DE NOVEMBRO DE 2018**

#### **ASISTENTES:**

##### **Alcalde- Presidente:**

D. José Luis Oujo Pouso.

##### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Magdalena Pérez Millares

##### **Secretario:**

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as **10:15** horas do día **23 de novembro de 2018**, réunese a Xunta de Goberno Local en **sesión extraordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

#### **1.- APROBACIÓN DE ACTAS.**

1.1.- Acta do 9 de novembro de 2018.

#### **2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.**

2.1.- Licenza de obra. Expediente 107/2018.

2.2.- Licenza de obra . Expediente 242/2018.

2.3.- Comunicacions previas

2.4.- Inicio de procedemento para declaración de caducidade de licenza urbanística. Expediente 6/2012, 7/2012, 15/2012

#### **3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

3.1.- Resolución de procedemento de reposición da legalidade urbanística.

#### **4.- EXPEDIENTES DA ÁREA ECONÓMICA.**

4.1.- Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 46/2018.

4.2.- Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 47/2018.

#### **5.- APROBACIÓN DE CONVENIOS.**

#### **6.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.**



## **1. APROBACIÓN DE ACTAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondente á sesión ordinaria do 9 de novembro de 2018.

## **2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.**

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a



construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: “*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*”

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

## 2.1) **LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 107/2018.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. FJ\*\* solicitou o 04/06/2018 (r.e. 3308) licenza municipal para “**legalización de piscina**” na parcela situada no lugar de A Moreira, 76 – Miñortos, coa referencia catastral 15072A001027360000PB, segundo memoria de legalización e documentación complementaria redactada polo arquitecto técnico D. A\*\* de data maio de 2018.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº 107/2018 e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 19/11/2018 e o informe de Secretaría do 22/11/2018.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a D. F\*\* a licenza municipal para “**legalización de piscina**”, situada na parcela situada no lugar de A Moreira, 76 – Miñortos, coa referencia catastral 15072A001027360000PB, segundo memoria de legalización e documentación complementaria redactada polo arquitecto técnico D. A\*\* de data maio de 2018, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

### **Obxecto da solicitude:**



Preséntase solicitude de licenza de legalización de piscina executada en solo clasificado no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Núcleo Rural, tipo básico Común, Grao 2.

Preséntase documentación complementaria para dar contestación a requirimento de emenda de deficiencias.

**Clasificación urbanística do solo:**

Segundo o plano nº Serie O-3, folla 3-R do PXOM, a parcela na que se proxecta a edificación está clasificada como **Solo de núcleo rural de tipo básico Común de grao 2.**

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto c) establece que *Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

LSG, Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

*Quedan derogados a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; a Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo; o artigo 13 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; a disposición adicional segunda da Lei 7/1998, do 30 de decembro, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión; e a disposición adicional sexta da Lei 14/2009, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, así como cantos preceptos de igual ou inferior rango, incluídas as determinacións do planeamento urbanístico, se opoñan ao disposto nesta lei.*

**Condicións de ordenación da edificación en solo de Núcleo Rural Común de Grao 2:**

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Fronte de parcela	9m	>9m
Superficie de parcela	600m <sup>2</sup>	2.183,00m <sup>2</sup>
Edificabilidade	0,35m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	< 0,35 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Ocupación	40%	< 40%
Aliñación	s/plano	s/ plano
Recuado a lindeiros	3m	>3m
Uso	Residencial Categoría 1ª: vivenda unifamiliar	Complementario a vivenda unifamiliar

**SEGUNDO.-** Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:



Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada		
6.912,75 euros	2%	1.940,00 euros	Taxa pagada	34,56 €	<b>138,26 euros</b>
			Taxa definitiva	34,56 €	
			<b>Liquidación</b>	<b>0,00 €</b>	

**CUARTO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**QUINTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

## **2.2) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 242/2018.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. JJ\*\* solicitou en data 19/10/2018 (r.e 6187) licenza municipal para “**parcelación de fincas**” situadas no lugar de Campo de Patas- parroquia de San Pedro de Muro, coa referencia catastral 002300500MH91H0001HM, segundo o expediente de segregación de parcela redactado polo arquitecto técnico D. JR\*\* de setembro de 2018.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **242/2018** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 19/11/2018 e o informe de Secretaría de data 22/11/2018.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a D. JJ\*\* a licenza municipal solicitada para “**parcelación de fincas**” situadas no lugar de Campo de Patas- parroquia de San Pedro de Muro, coa referencia catastral 002300500MH91H0001HM, segundo o expediente de segregación de parcela redactado polo arquitecto técnico D. JR\*\* de setembro de 2018, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

#### **Clasificación urbanística do solo:**

Segundo o plano nº Serie O-3, folia 39-G, a parcela que se pretende parcelar está clasificada como **solo de núcleo rural de tipo básico común de grao 4.**

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto c) establece que *Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle*



*integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

**Condicións urbanísticas das parcelas:**

Finca matriz:

Núcleo rural común de grao 4

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	1.200m <sup>2</sup>	4.758,70m <sup>2</sup>
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000	Invade viario, polo que precede cesión 283,49m <sup>2</sup>
Fronte mínima	15m	114,46m
Edificabilidade	0,2m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,065 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Ocupación	20%	<20%

Fincas resultantes:

Núcleo rural común de grao 4

Finca resultante A.1 (edificada):

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	1.200m <sup>2</sup>	2.758,17m <sup>2</sup>
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000	Corresponde unha superficie de cesión de 66,66m <sup>2</sup>
Fronte mínima	15m	32,21m
Edificabilidade	0,2m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,11 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Ocupación	20%	<20%
Recuamentos	3m a lindeiros	> 3m

Finca resultante B (sen edificar):

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	1.200m <sup>2</sup>	2.000,53m <sup>2</sup>
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000	Corresponde unha superficie de cesión de 216,53m <sup>2</sup>
Fronte mínima	15m	96,93m
Edificabilidade	0,2m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	-
Ocupación	20%	-

Cesión a viario: Procede cesión a viarios segundo plano U2 do proxecto nun total de 283,49m<sup>2</sup>.

**Condicións particulares:**

- Previo ao outorgamento de licenza, no seu caso, deberá formalizarse a cesión dos terreos que quedan fóra das aliñacións.

**SEGUNDO.-** Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.



**TERCEIRO.-** Aceptar a cesión do solo da parcela situado fóra da aliñación marcada polo PXOM formalizada no documento administrativo de data 22/11/2018.

**CUARTO.-** Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Taxa de tramitación	
Taxa pagada	975,00 €
Taxa definitiva	975,00 €
<b>Pendente de pago</b>	<b>00,00 €</b>

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.”

### **2.3) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.**

#### **2.3.1- Expediente nº 6/2018**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. o 03/07/2018 (r.e 4070) para realizar obras de "acometida eléctrica" para parcela situada no lugar de Foloña, s/n- Nebra coa referencia catastral 002301700NH03A.

**Outras condicións:** antes de iniciar a obra, o promotor depositara na Tesouraría do concello unha garantía por importe de **3.494,20 euros**, destinada a responder dos danos no viario, e que se devolverá unha vez comprobada a correcta execución daquelas.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
4.707,51 euros	2%	<b>94,15 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.



### 2.3.2- Expediente nº 139/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por UNIÓN FENOSA o 02/07/2018 (r.e 4035) para realizar obras de “**acometida eléctrica**” na urbanización situada no lugar de A Silva, s/n – Goiáns.

**Outras condicións:** antes de iniciar a obra, o promotor depositara na Tesouraría do concello unha garantía por importe da obra civil de **51.670,10 euros**, destinada a responder dos danos no viario, e que se devolverá unha vez comprobada a correcta execución daquelas.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
74.711,70 euros	2%	<b>1.494,23 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

### 2.3.3- Expediente nº 145/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por UNIÓN FENOSA o 11/07/2018 (r.e 4236) para realizar obras de “**acometida eléctrica**” na vivenda situada no lugar de Mantoño, s/n – Goiáns, coa referencia catastral 4624806NH0342S0001BL.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
3.680,03 euros	2%	<b>73,60 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a





correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

### 2.3.4- Expediente nº 173/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por UNIÓN FENOSA o 08/08/2018 (r.e 4796) para realizar obras de “**acometida eléctrica**” na vivenda situada na rúa Atalaia, 11- Porto do Son, coa referencia catastral 9505001MH9390S0001BI.

**Outras condicións:** antes de iniciar a obra, o promotor depositara na Tesouraría do concello unha garantía importe de **5.282,52 euros**, destinada a responder dos danos no viario, e que se devolverá unha vez comprobada a correcta execución daquelas.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
6.040,84 euros	2%	<b>120,82 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

### **2.4) INICIO DE PROCEDIMIENTO PARA DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENZAS URBANÍSTICAS. EXPEDIENTES 6/2012, 7/2012, 15/2012.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. JB\*\* presentou o 02/11/2018 tres instancias (r.e. núms. 6.405, 6.407 e 6.408) solicitando a devolución do imposto de construcións, instalación e obras (ICIO) correspondente ás licenzas de obra nº 6/2012, 7/2012 e 15/2012, outorgadas todas elas pola Xunta de Goberno Local o 16/02/2012 e en cada un dos casos para a “**construción dunha vivenda unifamiliar illada**” nas parcelas coas referencias catastrais 15072A001037430000PG, 15072A001037420000PY, 15072A001037440000PQ, situadas no lugar de Linteiros –Miñortos.



Visto que nas licenzas outorgadas se establecía un prazo para o inicio das obras dun ano e outro máximo de tres anos para o seu remate, a contar ámbolos dous desde a data de notificación do outorgamento da licenza, sen prexuízo do outorgamento de prórrogas.

Visto o informe da Policía Local de data 22 de novembro de 2018, no que se indica: “... *que vistas as parcelas onde se autorizou licenza para construción no lugar de Linteiros Miñortos, con licenzas nº 7/2012, 6/2017 e 15/2017, con referencia catastral, 15072A001037420000PY, 15072A001037430000PG e 15072A001037440000PQ respectivamente, a día de hoxe non foron executadas ditas obras, estando as citadas parcelas totalmente libres de construción algunha*”.

Considerando que artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), sinala que “*no acto de outorgamento da licenza de edificación se determinarán os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas. No seu defecto o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses*”.

#### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Iniciar o procedemento para declarar a caducidade das seguintes licenzas de obra outorgadas pola Xunta de Goberno Local o 16/02/2012:

- Licenza de obra nº 7/2012, “**construción dunha vivenda unifamiliar illada**” no lugar de Linteiros – Miñortos, parcela 3, con referencia catastral 15072A001037420000PY.
- Licenza de obra nº 6/2012, “**construción dunha vivenda unifamiliar illada**” no lugar de Linteiros – Miñortos, parcela 4, con referencia catastral 15072A001037430000PG.
- Licenza de obra nº 15/2012, “**construción dunha vivenda unifamiliar illada**” no lugar de Linteiros – Miñortos, parcela 5, con referencia catastral 15072A001037440000PQ.

**SEGUNDO.-** Outorgar ao interesado trámite de audiencia por un prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, para que poida formular as alegacións e presentar os xustificantes que estime pertinentes ao seu dereito.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente resolución ao interesado co réxime de recursos aplicables.”

### **3. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

#### **3.1) RESOLUCIÓN DE PROCEDIMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** O 17/11/2017 a Xunta de Goberno Local acordou iniciar un expediente de reposición da legalidade urbanística a D. J\*\* pola execución de obras de ampliación na vivenda situada no lugar de Laranga, 11 – Xuño, coa referencia catastral 7803303MH9270S0001DK, sen dispor de título habilitante de natureza urbanística.



**Segundo.-** O acordo de inicio do procedemento notificóuselle ao interesado o 01/12/2017 quen, durante o prazo de 15 días hábiles establecidos non presentou alegacións.

**Terceiro.-** Os servizos técnicos municipais emitiron informe no procedemento o 23/10/2018 indicando en síntese:

- Non se cumpriu a orde de paralización das obras posto que estas concluíron.
- As obras executadas poderían legalizarse, por atoparse no suposto do art. 152.3 b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

**Cuarto.-** O 24 de outubro de 2018, outorgáselle trámite de audiencia ó interesado para que no prazo de dez (10) días hábiles, poida alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estime convenientes ao seu dereito. Consta a recepción deste trámite o 26/10/2018.

**Quinto.-** A Secretaría municipal emitiu informe o 15/11/2018 indicando, en síntese:

- O terreo no que se executaron as obras está clasificado como “solo de núcleo rural común. Grao 2”.
- As obras executadas poderían ser legalizables, polo que se deberá requirir ao interesado para que inste a oportuna legalización.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do expediente, de conformidade coa delegación de competencias efectuada pola Alcaldía mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño.

**Segundo.-** Á parcela na que se executaron as obras está clasificada polo Plan Xeral como “*solo de núcleo rural común. Grao 2*” e, segundo establece a Disposición Transitoria 1ª, apdo. 1 c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) ao solo clasificado como “*núcleo rural*” polo planeamento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, como é o caso do Concello de Porto do Son, “*aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás cales será de aplicación o previsto no art. 40 da presente lei*”.

**Terceiro.-** O art. 152.3 b) LSG establece que “*instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptárase algún dos seguintes acordos:*

(...)

*b) Se as obras ou usos puideran ser legalizables por se compatibles co ordenamento urbanístico, requirírase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora outorgada ou non se presentase a comunicación previa. En caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordárase a demolición das obras a costa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que tivese dado lugar”.*

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Requirit a D. J\*\* para que solicite a licenza urbanística para a legalización das obras de ampliación da vivenda situada no lugar de Laranga, 11 – Xuño, na parcela coa referencia catastral 7803303MH9270S0001DK.



O interesado disporá dun prazo de tres (3) meses, a contar desde a notificación desta resolución, para proceder a solicitude da oportuna licenza cumprindo coa orde dada.

En caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a súa obtención, acordarase a demolición das obras a custa do interesado e impediranse definitivamente os usos a que desen lugar.

Todo o exposto entenderase sen prexuízo do inicio do correspondente procedemento sancionador pola comisión dunha infracción á normativa urbanística.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable.”

## **4. EXPEDIENTES DA ÁREA ECONÓMICA.**

### **4.1) RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 46/2018.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

Vista providencia da Alcaldía pola que se dispón o inicio do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 46/2018.

Vistas as memorias xustificativas elaboradas polas Concellerías Delegadas relativas aos gastos incluídos no expediente e o informe de Intervención do 23/11/2018.

Considerando o disposto no art. 184 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no art. 60.2 do RD 500/1990, do 20 de abril, e tendo en conta que se trata de aprobar xustificantes de gasto correspondentes a servizos prestados efectivamente e en aplicación do principio que prohibe o enriquecemento inxusto.

### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar por recoñecemento extraxudicial os xustificantes de gasto que se indican, con imputación da autorización, disposición e liquidación do gasto ás aplicacións orzamentarias indicadas:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Económica
F/2017/3693	17/10/2017	EL17- 13	16/10/2017	672,76	A15208366	GRAFICAS SEMENTEIRA, S.A.	POLO SUBMINISTRO DE CARTEIS PARA O ""I TROFEO O-PE CONCELLO DE PORTO DO SON"" , DESCUBRE A ORIENTACIÓN.	341	22699
F/2017/3699	17/10/2017	FEE17 66	13/10/2017	611,05	B15544232	EXCAVACIONES DARIO S.L.	POLA LIMPEZA REALIZADA NAS PRAIAS DO CRUCEIRO, SUBIGLESIAS E COIRA PARA A SUA CONSERVACIÓN.	1721	21000
F/2017/3706	17/10/2017	FEE17 73	13/10/2017	980,1	B15544232	EXCAVACIONES DARIO S.L.	POLO TRABALLO REALIZADO DE DESPRANTADO, TRANSPORTE E PRANTADO DE ARBORES, XARDINS MUNICIPAIS.	171	21000
F/2017/3709	17/10/2017	FEE17 76	13/10/2017	7815,39	B15544232	EXCAVACIONES	POLA REPARACIÓN REALIZADA NA	160	21300



						DARIO S.L.	REDE DE SANEAMENTO EN BAROÑA, AVERIA.		
F/2017/3711	17/10/2017	T117 590	29/09/2017	168,54	B15071798	CITOVA S.L.	POLA REPARACIÓN REALIZADA Ó VEHICULO DA POLICIA LOCAL CA MATRICULA 9507JGS.	130	21400
F/2017/3733	20/10/2017	FC9824 71	14/10/2017	344,16	B70491345	SON CASA CARLOTA, S.L.	POLOS PRODUCTOS ALIMENTICOS E OUTRO MATERIAL SUBMINISTRADO PARA OS PARTICIPANTES NO ""I TROFEO DE ORIENTACIÓN"".	341	22699
F/2017/3735	23/10/2017	AV201710103731	15/09/2017	305,26	B15244619	NEUMATICOS TINO, S.L.	POLA REPARACIÓN REALIZADA Ó VEHICULO DA POLICIA LOCAL CA MATRICULA 9507JGS.	130	21400
F/2017/3778	26/10/2017	P 706309	26/10/2017	907,5	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.	POLA PUBLICACIÓN DUN ANUNCIO NO XORNAL PROMOCIONANDO O CONCELLO.	920	22602
F/2017/3787	31/10/2017	A 2017/A/385	31/10/2017	629,2	B36223600	TELEVISION DA MANCOMUNIDADE DO SALNES SL	POLA PROMOCIÓN REALIZADA DAS ACTIVIDADES DO CONCELLO.	920	22602
F/2017/4032	20/10/2017	4-a.17	19/10/2017	150	G70460530	A. F. AXOUXERES DE MIÑORTOS	POLA ACTUACIÓN REALIZADA POLO GRUPO DE GAITAS CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO RALLI RIAS BAIXAS.	341	22699
F/2017/4033	30/10/2017	08/2017	18/10/2017	1151,92	J70317151	CNES. CASAIS Y MANEIRO, S.C.	POLO TRABALLO REALIZADO NA CASA DO CONCELLO PINTANDO VARIOS DESPACHOS.	920	21200
F/2017/4034	19/10/2017	112/2017	18/10/2017	105,67	32789026L	BELEN CASAL BARBEITO	HONORARIOS DA PROCURADORA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 116/2017 DO XULGADO CONT-ADMTVO 1 DA CORUÑA, MAPFRE ESPAÑA	920	22604
F/2017/4035	24/10/2017	113/2017	20/10/2017	950,49	32789026L	B**	HONORARIOS DA PROCURADORA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 145/2016 DO XULGADO CONT-ADMTMO 1 DA CORUÑA, MAPFRE ESPAÑA	920	22604
F/2017/4036	17/10/2017	301700837	30/09/2017	437,85 20,36 458,21	76513710R	M**	POLO MATERIAL SUBMINISTRADO PARA OS COLEXIOS MUNICIPAIS.	323 323	21200 22199
F/2017/4040	17/10/2017	301700831	30/09/2017	238,13	76513710R	M**	POLO MATERIAL SUBMINISTRADO PARA PROTECCIÓN CIVIL.	135	22199
F/2017/4041	17/10/2017	301700834	30/09/2017	5,95 3,00 141,67 31,23 37,46 25,80 245,11	76513710R	M**	POLO MATERIAL SUBMINISTRADO PARA VARIOS DEPARTAMENTOS DO CONCELLO.	171 151 231 323 1532 161	21900 21900 22199 21200 21000 22199

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo á Intervención e Tesourería Municipais.”



#### **4.2) RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 47/2018.**

Vista providencia da Alcaldía pola que se dispón o inicio do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 47/2018.

Vistas as memorias xustificativas elaboradas polas Concellerías Delegadas relativas aos gastos incluídos no expediente e o informe de Intervención.

Considerando o disposto no art. 184 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no art. 60.2 do RD 500/1990, do 20 de abril, e tendo en conta que se trata de aprobar xustificantes de gasto correspondentes a servizos prestados efectivamente e en aplicación do principio que prohibe o enriquecemento inxusto.

#### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar por recoñecemento extraxudicial os xustificantes de gasto que se indican, con imputación da autorización, disposición e liquidación do gasto ás aplicacións orzamentarias indicadas:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Económica
F/2018/4162	07/11/2018	1	30/10/2018	648	LM**	POR IMPARTIR CLASES DE GUITARRA NA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA, MES OUTUBRO.	334	22799
F/2018/4163	09/11/2018	10	09/11/2018	395,1	C**	POLO TRABALLO DE LIMPEZA E ATENCIÓN REALIZADO NA CASA DE CULTURA DE RIBASIEIRA, MES OUTUBRO.	330	22700
F/2018/4212	13/11/2018	146/18	30/10/2018	96,8	A**	POLA LIMPEZA REALIZADA NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE NEBRA, MES OUTUBRO.	342	22700
F/2018/4213	13/11/2018	124/18	30/10/2018	471,9	I**	POLA LIMPEZA REALIZADA NA ESCOLA DE CAAMAÑO, MES OUTUBRO.	323	22700
F/2018/4214	13/11/2018	147/18	30/10/2018	798,6	A**	POLA LIMPEZA REALIZADA NA GARDERIA, MES OUTUBRO.	323	22700
F/2018/4215	19/11/2018	10	11/11/2018	701,32	SILVIA VAZQUEZ ROMERO	POLO TRABALLO REALIZADO COMO CELADORA NO CENTRO DE SAUDE DA VILA, MES OUTUBRO.	312	22799
F/2018/4216	20/11/2018	15/37	01/11/2018	163,35	M**	POR IMPARTIR CLASES DE PANDERETA NA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA, MES OUTUBRO.	334	22799

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo á Intervención e Tesourería Municipais.”



## **5. APROBACIÓN DE CONVENIOS**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

Visto o “Convenio de colaboración entre os Concellos de Ames, Brión, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son, Rois e Santiago de Compostela para delimitación do itinerario cultural a Santiago de Compostela da Ría Muros- Noia”, polo que os concellos mencionados se comprometen a colaborar para a delimitación e posta en valor da ruta histórica a Santiago de Compostela da Ría de Muros e Noia.

Considerando que o art. 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, en diante), establece que os concellos, nos termos da lexislación estatal e autonómica, exercerán competencias propias, entre outros, en materia de “*h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local*” e “*m) Promoción da cultura e equipamentos culturais*” e que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, lle atribúe aos concellos as seguintes competencias: “*a) A protección e promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal*”.

Considerando do maior interese para a satisfacción do interese público municipal participar na delimitación e posta en valor do itinerario histórico e cultural a Santiago de Compostela da Ría de Muros e Noia, estímase adecuado aprobar o convenio interadministrativo citado con carácter previo á súa subscripción.

### **ACORDA:**

**Primeiro.-** Aprobar o “Convenio de colaboración entre os Concellos de Ames, Brión, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son, Rois e Santiago de Compostela para delimitación do itinerario cultural a Santiago de Compostela da Ría Muros- Noia”, que é do seguinte teor literal:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE AMES, BRIÓN, LOUSAME, MUROS, NOIA, OUTES, PORTO DO SON, ROIS E SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA DELIMITACIÓN DO ITINERARIO CULTURAL A SANTIAGO DE COMPOSTELA DA RÍA MUROS- NOIA.**

En Santiago de Compostela, o día 28 de novembro de 2018.

### **REUNIDOS**

- D. José M. Miñones Conde, con DNI 44.808.588-B, en calidade de Alcalde do **Concello de Ames**, con CIF P1500200I e domicilio en Praza do Concello, nº 2, Bertamiráns, Ames (A Coruña).
- D. José Luis García García, con DNI 76.501.114-D, en calidade de Alcalde do **Concello de Brión** con CIF P1501300F e domicilio en Praza do Concello, nº 1, Brión, Ames (A Coruña).
- Dna. Teresa Villaverde Pais, con DNI 76.517.422-X, en calidade de Alcaldesa do **Concello de Lousame**, con CIF P1504300C e domicilio en Portobravo, nº 1, Lousame (A Coruña).
- Dna. María Xosé Alfonso Torres, con DNI 33.271.013-H, en calidade de Alcaldesa do **Concello de Muros**, con CIF P1505400J e domicilio en Curro da Praza, s/n, Muros (A Coruña).
- D. Santiago Freire Abeijón, con DNI 33.272327-K, en calidade de Alcalde do **Concello de Noia** con CIF P1505800A e domicilio en rúa Rosalía de Castro, nº 2, Noia (A Coruña).
- Dna. Beatriz Molinos Vidal, con DNI 33.260.032-P, en calidade de Alcaldesa do **Concello de Outes**, con CIF P1506300B e domicilio en rúa da Vila, s/n Outes (A Coruña).



- D. Luis Oujo Pouso, con DNI 33.283.149- X en calidade de Alcalde do **Concello de Porto do Son** con CIF P1507200- B e domicilio en rúa Atalaia, nº 7, Porto do Son (A Coruña).
- D. Ramón Tojo Lens, con DNI 33.268.697- W en calidade de Alcalde do **Concello de Rois** con CIF P1507500- E e domicilio en lugar de Samil nº 1, Oíns- Rois (A Coruña).
- D. Martiño Noriega Sánchez, con DNI 44.805.518- T en calidade de Alcalde do **Concello de Santiago de Compostela** con CIF P1507900-G e domicilio en Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro, Santiago de Compostela (A Coruña).

### CONSIDERANDO

O disposto nos artigos 25.h), 25.m) e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no marco das súas respectivas competencias.

Que a subscripción de convenios e acordos de colaboración deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (ar.57 LRBRL).

### EXPOÑEN:

**Primeiro.** Que os concellos arriba indicados están percorridos polo ruta histórica a Santiago da Ría de Muros- Noia.

**Segundo.** Que consideran de interese común a la promoción cultural e turística da devandita e o seu recoñecemento como itinerario cultural e ruta turística.

Por todo o exposto e, tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade de mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes establecen o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá polas seguintes

### CLAÚSULAS

#### Primeira. Obxecto.

- a) O presente Convenio de Colaboración entre os Concellos de Ames, Brión, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son, Rois e Santiago de Compostela, ten por obxecto **a colaboración nos traballos de proposta de delimitación do itinerario cultural a Santiago da Ría de Muros- Noia e, en particular, a contratación de asistencia técnica precisa mediante licitación pública**, para a súa posterior elevación á Xunta de Galicia, como autoridade competente segundo o Título VI da Lei 5/2016 do 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.

#### Segundo. Nomeamento de representante.

- a) Noméase como Representante única da Agrupación de Concellos ao/á Alcalde/sa do Concello de Lousame.
- b) O Concello de Lousame acepta asumir esta representación e as obrigas dela derivadas que se recollen no presente Convenio de Colaboración.

#### Terceira. Presuposto

- a) Establécese un presuposto máximo de licitación de **18.148,79** euros, IVE incluído.
- b) O presuposto será financiado por achegas de todos os concellos , mediante reparto proporcional en base aos seguintes criterios:
  - O 50% do presuposto repartirase de forma lineal, co mesmo importe para cada concello.
  - O 50% do presuposto repartirase de forma proporcional en función dos quilómetros de trazado do camiño en cada municipio, segundo cálculo previo.
- c) A partir dos criterios indicados no apartado anterior, establécese a seguinte táboa de reparto:





	50% Proporcional			50% Lineal	COTA TOTAL
	KM	% trazado	Cota	Cota	
<b>Total (IVE incluído)</b>	<b>96,75</b>	<b>100,00%</b>	<b>9.074,40</b>	<b>9.074,40</b>	<b>18.148,79</b>
Lousame	6,04	6,2%	566,50	1.008,27	1.574,77
Muros	15,85	16,4%	1.486,61	1.008,27	2.494,87
Noia	18,22	18,8%	1.708,89	1.008,27	2.717,16
Outes	17,75	18,3%	1.664,81	1.008,27	2.673,08
Porto do Son	13,34	13,8%	1.251,19	1.008,27	2.259,45
Rois	6,19	6,4%	580,57	1.008,27	1.588,84
Brión	7,08	7,3%	664,05	1.008,27	1.672,31
Ames	7,16	7,4%	671,55	1.008,27	1.679,82
Santiago de Compostela	5,12	5,3%	480,22	1.008,27	1.488,48
<b>Total</b>	<b>96,75</b>	<b>100,0%</b>	<b>9.074,40</b>	<b>9.074,40</b>	<b>18.148,79</b>

- d) Se o prezo final do contrato resultase inferior ao previsto , manteranse os mesmos criterios de reparto.
- e) O Concello representante, unha vez rematados os traballos, remitirá a cada un dos concellos un informe sobre o importe das obras e a xustificación do pagamento. No seu caso, procederá ao reintegro das cantidades que fosen adiantadas e resultasen sobrantes.

#### **Cuarta. Compromisos das partes.**

Corresponden a cada concello asinante as obrigas que se indican de seguido:

- a) Concello de Lousame, como representante da Agrupación de Concellos e responsable técnico administrativo da xestión da Agrupación de Concellos,
- Contratación e dirección dos traballos de delimitación de ruta.
  - Coordinación da Agrupación e interlocución ante a Xunta de Galicia e outras administracións nas tarefas derivadas da devandita delimitación.
  - Recepción dos fondos achegados polos concellos para este fin e pagamento dos traballos.
  - Facer participe a cada concello das propostas de delimitación no seu territorio e solicitar a súa aprobación, ben de xeito directo, ben a través do contratista dos traballos.
  - Coordinación xeral do proxecto, designando a un representante.
- b) Todos os concellos:
- Seguimento específico e aprobación dos traballos de delimitación nos seus respectivos territorios.
  - Facilitar o traballo do contratista, en particular, en canto a consulta de documentación pública e entrevistas cos responsables e técnicos do concello.
  - Colaborar co representante da Agrupación e co resto de Concellos para a boa execución técnica do proxecto e, en particular, designar a tal efecto un representante.
  - Tramitar calquera autorización que resulte precisa derivada do proxecto, en particular as relativas a colocación de sinais.
  - Realizar a achega financeira que lle corresponde segundo o presuposto acordado.

#### **Quinta. Pagamentos**

- a) Corresponde ao Concello de Lousame o pago a terceiros polos traballos realizados no marco deste Convenio de Colaboración.
- b) O resto de concellos participantes ingresarán ao Concello de Lousame a cota correspondente no prazo dun mes a partir da sinatura do presente Convenio de Colaboración.
- c) Os membros da Agrupación poderán decidir, por acordo unánime, un calendario de pagos distinto ao estipulado no apartado anterior.



#### **Sexta. Duración da agrupación.**

A vixencia do presente Convenio de Colaboración establécese ata que os asinantes dean por rematados os traballos e satisfeitos os compromisos indicados ou, no seu caso, acorden a anulación do Convenio. En todo caso, a duración non poderá ser superior a **dous anos.**

#### **Sétima. Avaliación e seguimento.**

- a) Aos efectos de cooidar o cumprimento do estipulado no presente Convenio créase unha Comisión de Seguimento do mesmo, que estará composta polos Alcaldes dos Concellos asinantes.
- b) Esta Comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do Convenio de Colaboración e canle pola que se lle dean solución as discrepancias e controversias que xurdan da aplicación deste Convenio.
- c) Será competencia desta Comisión de Seguimento, en particular, resolver os supostos nos que unha das partes incumpra algúns dos compromisos adquiridos en materia administrativa, financeira e de apoio técnico á realización dos traballos.

#### **Oitava. Resolución do convenio de colaboración.**

O presente convenio de colaboración e a Agrupación de Concellos que regula resolveranse cando se cumpra algunha das seguintes condicións:

- a) Realización do obxecto indicado na cláusula primeira e dos compromisos das partes indicados na cláusula cuarta.
- b) Acordo unánime das partes implicadas.
- c) En todo caso, no prazo máximo de dous anos dende a data da sinatura.
- d) Por calquera outra causa prevista na lexislación vixente.

#### **Novena. Natureza do acordo**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e rexerese polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no que non apareza regulado nas mesmas, serán de aplicación as restantes normas de dereito administrativo vixentes no momento da súa sinatura.

#### **Décima. Xurisdición competente.**

Das cuestións litixiosas que non tiveran solución no seo da Comisión de Seguimento, coñecerá a xurisdición contencioso- administrativa competente.

As partes comparecentes asinan este Convenio de Colaboración en proba de conformidade cos seus termos. Asínanse neste acordo nove copias, entregándose unha a cada representante.”

**Segundo.-** Facultar ao Alcalde- Presidente para a realización de cantos trámites e xestións sexan precisos para o cumprimento do convenio cuxa subscripción se aproba.

**Terceiro.-** Someter o presente acordo á ratificación do Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

## **6. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.**

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións,



---

sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **10:55 horas**, do día **23 de novembro de 2018**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

Asdo. José Manuel González García.